

## ENTREVISTA A JACOBO GARCÍA

### “ANTIGAMENTE SE O PELIQUEIRO ÍA MAL VESTIDO METÍANO NUNHA CORTE”

En Laza celébrase un dos entroidos máis antigos de Galicia e os peliqueiros son o símbolo deste entroido tan particular. Para coñecelos mellor O Papagaio voou ata alí e entrevistou a Jacobo García, un dos peliqueiros que percorren as rúas das vila.

- **Cal é a misión do peliqueiro no entroido?**
- O peliqueiro sae por primeira vez o domingo de entroido e vai percorrendo as rúas da vila, de casa en casa, visitando os veciños da aldea. Despois ten o deber de defender o resto de máscara que hai no entroido de Laza, como é a Morena, ou as mozas que reparten a bica. Os peliqueiros poñen un pouco de orde no entroido, nos diferentes actos que se fan.
  
- **O traxe do peliqueiro pesa moito. Para poder levalo facedes ximnasia todo o ano ou con comer un bo cocido de entroido chega?**
- O traxe pesa moito, si, sobre todo as chocas, pero ximnasia non facemos. O que nós facemos é o seguinte: despois de comer as uvas, o trinta e un de decembro xa saímos á rúa coas chocas e empezamos a correr as rúas de Laza. A partir dese días ata o venres de entroido saímos a dar voltas deseguido e desta dorma adestramos para poder poñer no domingo de entroido o peliqueiro.
  
- **Os peliqueiros levades na man unha zamarra (unha especie de látigo) . Úsada para zoscarlle a calquera que se cruce no voso camiño ou para defendervos dos que se meten convosco?**
- A zamarra é un símbolo de autoridade e se un peliqueiro vai correndo e hai alguén que se mete no medio e non se aparta, pois si que lle dá para que saia , máis non se zurra a ninguén E tamén se lle dá algún latigazo á xente que sae da misa o propio domingo de entroido.
  
- **As nenas poden ser peliqueiros ou sodes só homes?**
- A maioría dos peliqueiros homes, pero hai mulleres peliqueiros tamén. Dende os cinco ou seis anos moitos pais xa lle fan o traxe aos nenos para que poñan o peliqueiro. Tanto a nenos como a nenas.
  
- **Os peliqueiros levades pintado na mitra un animal. Como os escolledes?**
- Cada un escolle o animal que máis lle gusta. Antigamente eran animais da zona... agora os gustos cambiaron e pódense ver lince, tigres, leóns...
  
- **Son todo animais moi solemnes. Non podería ser unha formiga, ou un papagaio...**
- Home, si... pero principalmente son sempre animais feroces.
  
- **A máscara de peliqueiro leva sempre unha risa algo macabra, ou iso parece. Podería un peliqueiro variar a expresión da súa máscara?**

- Non, a expresión sempre ten que ser a mesma. A expresión do peliqueiro é ese sorriso grande co bigote e as mexelas rubias.
- **Cando os peliqueiros poñedes a máscara, sodes como superheroes que ninguén os reconece ou a xente da vila sabe quens sodes?**
- Antes, normalmente, a máscara non se sacaba en ningún lado, excepto cando os peliqueiros entraban nas casas dos veciños, e era máis difícil reconecelos. Agora, ao haber tanta xente no entroido, máscara sácase máis e os veciños xa os reconecen. Tamén polo debuxo se identifica que leva o traxe.
- **Cando percorredes as rúas ordenádesvos dalgunha maneira?**
- Normalmente sempre vai un de primeiro que dirixe, pero non hai unha orde establecida. Si que hai orde para cando se vai buscar a bica ou cando se fai o desfile de carrozas típicas, ou cando se vai buscar o testamenteiro. Pero á hora de ir a unha casa ou bar non, sempre vai un diante que tira dos outros e xa. Os peliqueiros orgánzanse por bandas e cada un vai coa súa percorrendo toda a aldea.
- **Para ser peliqueiro hai que ser de Laza ou unha persoa de fóra tamén pode selo?**
- O normal é que teña que ser xente de Laza a que poña o peliqueiro. Antigamente se o peliqueiro o facía mal ou ía mal vestido os vellos da vila collíano e metíano nunha corte. Agora iso non se fai. Actualmente se hai unha persoa que é de fóra e leva varios anos vindo ao entroido de Laza e lle gusta, e ensaia e o fai ben de peliqueiro, pois dásele a opción de poñer o peliqueiro.

**Xornal o Papagaio.(2018,02)Antigamente se o peliqueiro ía mal vestido metíano nunha corte. . Entrevista.**